

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1384	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP1384_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62
MP1384_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	3	45	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA PAULA RODRÍGUEZ GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1. As persoas que obteñen o título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico exercen a súa actividade no sector sanitario, en organismos e institucións do ámbito público e en empresas privadas, en atención tanto primaria como especializada, así como en centros de investigación. Ademais, realizan o seu traballo baixo a supervisión do/da facultativo/a correspondente.

A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración sanitaria estatal.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

a Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía.

b Técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía.

c Citotécnico.

d Axudante de forense.

e Prosector/ora de autopsias clínicas e médico-legais.

f Tanatopractor/a.

g Colaborador/ora e asistente en bioloxía molecular.

h Colaborador/ora e asistente de investigación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais: conceptos básicos	Marco normativo básico e conceptos fundamentais en materia de prevención laboral. Identificación e clasificación dos factores de risco derivados das condicións de traballo	12	12
2	A organización da prevención na empresa	A acción preventiva na empresa, as modalidades de organización da prevención. Planificación e documentación da prevención na empresa	11	12
3	Factores de riscos	Identificaranse e clasificaranse os distintos factores de risco derivados das condicións de traballo	11	6
4	Prevención e Protección.	Estudiaranse as técnicas de prevención e protección, así como as sinais máis xerais e de utilización máis frecuente no sector profesional así como as técnicas de primeiros auxilios e protocolos de actuación en situacións de emerxencia.	11	10
5	A relación laboral e o contrato de traballo	Caracterización da relación laboral e as normas que a regulan. Elementos e modalidades dun contrato de traballo	12	10
6	O tempo de traballo, a súa retribución e outras condicións de traballo.	Análise da regulación da xornada, do salario e doutras condicións de traballo. Análise do Convenio Colectivo.	14	13
7	A representación dos traballadores e a modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	Os representantes dos traballadores na empresa e as súas competencias. Análise das causas e efectos da modificación, suspensión e extinción do contrato	11	13
8	A Seguridade Social.	Coñecemento da estrutura e da protección sistema de Seguridade Social	10	12
9	A procura de emprego.	Análise das propias competencias personais e profesionais. O proceso de búsqueda de emprego	10	10
10	O traballo en equipo.	Análise dos equipos de traballo e o seu funcionamento eficaz. Conflictos	5	2

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais: conceptos básicos	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector sanitario
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A organización da prevención na empresa	11

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título

4.2.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Factores de riscos	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector sanitario	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles
CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector sanitario en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector sanitario.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Prevención e Protección.	11

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva. Sinalización de seguridade
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A relación laboral e o contrato de traballo	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos
CA2.4.1 Analízanse as principais modalidades de contratación.
CA2.4.2 Identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Modalidades de contrato de traballo.
Medidas de fomento da contratación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O tempo de traballo, a súa retribución e outras condicións de traballo.	14

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo

4.6.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
O recibo de salarios

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A representación dos traballadores e a modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	11

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral
CA2.9.1 Identifícanse as causas e os efectos da modificación e da suspensión do contrato de traballo.
CA2.9.2 Identifícanse as causas e os efectos da extinción da relación laboral.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución

4.7.e) Contidos

Contidos
OSindicatos e asociacións empresariais. Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Modificación e suspensión do contrato de traballo. Extinción do contrato de traballo.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social.	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A procura de emprego.	10

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea
CA4.3.1 Valoráronse as oportunidades de formación noutros estados da Unión Europea.
CA4.3.2 Valoráronse as oportunidades de emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título

4.9.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Oportunidades de aprendizaxe en Europa.
Oportunidades de emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.



Contidos

Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	O traballo en equipo.	5

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros

4.10.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector sanitario segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

- Empregar as fontes básicas de información do dereito laboral (Constitución, Estatuto dos traballadores, Normas da Unión Europea, Convenio Colectivo,...) distinguindo os dereitos e as obrigas que lle incumben.
- Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- Identificar os diversos conceptos que interveñen nunha "Liquidación de haberes" / cálculo de nóminas.
- Análise das condicións de traballo pactadas no convenio colectivo ou de aplicación no sector profesional.
- Analizar as principais modalidades de contratación e identificar as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos,
- Identificar, interpretar e saber localizar na normativa as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- Coñecer os órganos de representación dos traballadores e dos empresarios.
- Analizar os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- Identificar e calcular, nun suposto sinxelo, as retencións por IRPF e as bases e cotas de cotización a Seguridade Social do traballador e do empresario.
- Localizar na web e estudar as características das prestacións contributivas da Seguridade Social e os requisitos e duración do desemprego.
- Cálculo da contía das prestacións máis comúns en supostos prácticos sinxelos.
- Deseñar os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional deste ciclo.
- Identificar e avaliar as capacidades, actitudes e coñecementos propios con valor profesionalizador.
- Definir os intereses individuais e as súas motivacións.
- Identificar a oferta formativa e a demanda laboral referida aos seus intereses.
- Nunha situación real, identificar as fontes para búsqueda de emprego
- Identificar e cumprimentar correctamente os documentos necesarios, e localizar os recursos precisos, para búsqueda de emprego.
- Determinar situacións para o autoemprego, fomentando a cultura emprendedora.
- Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil deste ciclo e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual, e determinar as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Analizar os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo.
- Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- Relacionar as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
- Distinguir os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras, tendo presente a importancia da información e da formación dos traballadores.
- Comprender como actuar ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente e asumir as obrigas das persoas traballadoras.
- Clasificar os danos á saúde e ao medio ambiente en función das consecuencias e dos factores de risco mais habituais que os xeran.
- Identificar as situacións de risco mais habituais no seu ámbito de traballo, asociando as técnicas xerais de actuación en función das mesmas, determinar os danos e as doenzas que poden xerar no seu sector e avalialos riscos.
- Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co seu sector.
- Clasificar e determinar os xeitos de organización da prevención, representación das persoas traballadoras na empresa, Organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Analizar o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- Selecciónanse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

- Proferir actuacións preventivas e/ou de protección correspondentes aos riscos mais habituais, que permitan diminuír as súas consecuencias.
- Identificar a secuencia de medidas que deben ser aplicadas en función das lesións existentes.
- Executar técnicas de primeiros auxilios: (RCP, inmovilización, feridas, queimadura, atragantamentos, transporte, etc.) aplicando os protocolos establecidos.
- Coñecer o contido dun plan de emerxencia.

INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a avaliación das aprendizaxes realizadas por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes instrumentos:

- PROBAS ESCRITAS:

En cada avaliación realizaranse un ou varios exames escritos.

As probas escritas serán realizadas sobre cada unidade didáctica, podendo facerse varias unidades de forma conxunta no mesmo exame.

Nestas probas poderanse presentar cuestións a desenvolver, tipo test e/ou supostos prácticos. Nas preguntas tipo test, o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco; as respostas en branco non puntuán, as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta.

Nas preguntas a desenvolver vaise valorar a corrección e argumentación elaborada polo alumno para xustificar e demostrar o que sabe sobre os contidos de teoría.

Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

Os exames serán cualificados sobre 10 puntos e cada pregunta terá o valor que se indique na proba, de non indicarse terán todas o mesmo valor.

A cualificación representará o 80% da nota de cada unidade didáctica, comunicando a profesora o peso de cada proba escrita e de cada UD na Cualificación Final do Módulo.

En todo caso, a cualificación mínima para superar cada proba será de 5 puntos.

- TRABALLOS-actividades:

Englobarán tarefas escritas, individuais ou en grupo, que se exporán na aula ou entregaranse ó profesor. Puntuaranse na escala de 0 a 10. A cualificación representará como mínimo o 20% da nota de cada unidade didáctica, comunicando a profesora a importancia porcentual de cada actividade ou traballo.

De facer varios traballos ao longo da unidade, éstos valoraranse calculando a media aritmética das notas definitivas de cada traballo e que se obterán aplicando sobre a cualificación lograda (nunha escala de 10) de cada traballo ou actividade a porcentaxe de importancia que se delimitará no seu momento e fehacientemente comunicada. De non comunicarse nada terán todas o mesmo valor.

Para que os traballos sexan valorados deberán superarse os exames correspondentes (E) cunha puntuación mínima dun 5. Asemesmo, para ser aprobados eses traballos terán que obter unha nota mínima dun 5 e ser entregados na forma e data indicadas polo profesor.

Non se terán en conta os traballos presentados despois da data ou data límite de entrega fixada polo profesor.

De non acadar a nota mínima dun 5 nalgún dos instrumentos de avaliación (proba escrita e/ou traballos-actividades), como nota de avaliación se fará constar unha nota máxima dun 4.

Polo tanto terá que facer recuperación desa parte.

A superación dunha avaliación non supón a superación das anteriores.

CUALIFICACIÓNS DA AVALIACIÓN

A cualificación da avaliación farase aplicando a media ponderada dos exames e traballos realizados en cada UD, e tendo en conta o peso de cada

UD na Cualificación Final do Módulo.

Para superar cada avaliación hai que obter un mínimo de 5 puntos, resultado das notas ponderadas correspondentes.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO (CF):

CF será a cualificación final do módulo que virá dado polo peso de cada unidade didáctica:

0,12UD1+0,12UD2+0,06UD3+0,10UD4+0,10UD5+0,13UD6+0,13UD7+0,12UD8+0,10UD9+0,02UD10

NOTAS:

1. Para a superación do módulo compre ter todas as avaliacións superadas e CF igual ou superior a 5.
2. Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final para superar o módulo e, aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua realizarán o Exame Extraordinario para a cualificación do módulo.
3. A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para acadar a avaliación positiva do módulo de FOL, conforme á lexislación vixente.
4. A nota con decimais será redondeada do seguinte xeito: Si o decimal supera a 0.5 será redondeado por exceso ao enteiro máis próximo. En caso contrario será redondeado por defecto ao inferior máis próximo.

NORMAS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS OU EXÁMENES.

- a. Non se admite móbil no exame para ningún uso. De tal forma que ao entrar na aula será entregado á profesora. No caso de que alumno o alumna se negue a facelo perderá o dereito a que se lle faga a proba ou exame.
- b. No caso de ser necesaria calculadora, esta terá só funcións básicas, polo tanto, non se admiten calculadoras científicas.
- c. No suposto de que nun exame, un/a alumno o alumna teña no seu poder documentación que non estea autorizada pola profesora, ou ben, se comproba que copiou, terá que entregalo á profesora en cuanto llo requira. E a nota a cualificar en dita proba será de 0 puntos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:

O profesor propondrá actividades de reforzo aos alumnos en xeral, e especialmente a quen manifeste dificultades para conseguir os obxectivos do módulo, para que podan resolvelas de forma autónoma.

Entre a última avaliación parcial e a avaliación final do módulo deixarase un período destinado á realización de actividades de recuperación ou solución de dúbidas da materia ou módulo pendente.

Despois do período de recuperación, terá lugar o Exámen Final, onde o alumnado terá oportunidade de recuperar as unidades pendentes. Haberá que examinarse soamente das unidades non superadas anteriormente. Os criterios de cualificación serán os mesmos que no epígrafe 5.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE NON SUPERE O MÓDULO NO PRIMEIRO CURSO E PROMOCIONE AO SEGUNDO:

Se realizarán no período do 1º e 2º trimestre do curso seguinte. A avaliación terá lugar en marzo, antes da proposta de FCT en período ordinario. O alumnado será informado das actividades de recuperación dos módulos pendentes e das datas das probas obxectivas, do período da súa realización e das datas en que se celebrarán as avaliacións extraordinarias dos módulos pendentes. A tal efecto, e no mes de xuño do 1º curso, realizarase un informe individualizado, indicando os resultados de aprendizaxe non atinxidos polo alumnado, coa finalidade de deseñar as

pertinentes actividades de recuperación.

Durante os dous primeiros trimestres do segundo curso o alumnado realizará unha serie de actividades guiadas e orientadas pola profesora, e realizará distintas probas obxectivas, que conterán preguntas teóricas e prácticas das tres avaliacións. Para aprobar estes exames é requisito imprescindible obter unha nota mínima de cinco.

Así, desenvolveranse as seguintes actividades de recuperación:

- Resolución de exercicios de carácter práctico, que incidan nos contidos que lle supuxeron maior dificultade.
- Repetición das explicacións dos contidos que amosen maior dificultade para os alumnos, resolvendo as dúbidas plantexadas.
- Realización de controis periódicos para determinar se o nivel de coñecemento dos contidos é suficiente.

Aqueles alumnos que en dito período non superen o módulo, realizarán de novo, un plan de actividades de recuperación. A tal efecto, as actividades de recuperación terán lugar durante o período de FCT do 2º curso (abril-xuño), durante o cal, se lle asignarán unas horas de titoría para resolver dúbidas e aclarar conceptos. Neste suposto, a avaliación tería lugar en xuño. A recuperación, con carácter xeral, consistirá nunha proba escrita, individualizada para os contidos de cada avaliación que se teñan pendentes, consistente en preguntas relativas aos contidos especificados para cada unha delas e valorada con criterios numéricos do 1 ao 10, precisando para a súa superación unha nota mínima dun 5.

Ademais desta proba, o alumnado terá que realizar os traballos/monografías que se lle encarguen, así como resolver os casos prácticos plantexados pola profesora cumprindo en prazo e forma coa entrega dos mesmos.

No caso de que o alumnado non supere estas probas obxectivas, o docente valorará se alcanza os mínimos establecidos por lei en canto a contidos e mínimos exixibles para o módulo no seu conxunto. De non acadalos, o módulo quedará suspenso. Os requisitos mínimos para superar o módulo nestes casos son:

- Presentarse a todas as probas que se plantexen ó longo do curso e obter nelas como mínimo unha cualificación final dun 5.
- Realizar os traballos e casos prácticos que se establezan ao longo do curso. Presentar estas actividades en tempo e nas condicións pedidas, coidando a presentación nos traballos, nos exames.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A orde de 12 de xullo de 2011, establece no seu artigo 25.5 o dereito, por parte do alumnado que perdesse a avaliación continua, a realizar unha proba extraordinaria previa á avaliación final dos módulos correspondentes.

A maiores, a resolución do 27 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, establece no seu artigo 3, que o número de faltas que implica a perda da avaliación continua nun determinado módulo, será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos da determinación da perda do dereito a avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación de faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro (tamén denominadas como normas de organización e funcionamento (NOF))

A avaliación extraordinaria, consistirá en :

1. Realización dunha proba escrita, onde se avaliarán os contidos traballados durante o curso, independentemente de que teñan un desenvolvemento teórico ou práctico. Poderá comprender preguntas tipo test , de resposta curta, de resposta longa ou problemas.

Para aprobar o módulo, o alumnado deberá superar o exame exposto no parágrafo anterior (que estará baseado nos mínimos exixibles establecidos na programación).

Para realizar a proba, o alumnado deberá levar un bolígrafo azul ou negro e unha calculadora non programable (para a parte práctica).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será obxecto de seguimento durante o ano académico. Desta forma, modificaranse aqueles aspectos que tras a súa posta en práctica, non sexan adecuados para o alcance dos RA por parte do alumnado.

O seguimento da programación por parte do docente realizarase ao final de cada unidade(ou mensualmente no caso de unidades superiores a esta medida temporal), reflectindo as variacións realizadas respecto á programación orixinal, na aplicación informática disposta pola administración. Estas variacións serán tidas en conta para as programacións dos próximos cursos, tanto para a súa mellora, como para a práctica docente. A maiores, e como establece o artigo 23.5 da orde de 12 de xullo de 2011, cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, e reflectirá no acta de devandita reunión, o grao de cumprimento con respecto á programación inicial, e a xustificación razoada en caso de desviacións.

Por outra banda, serán tidos en consideración os resultados das enquisas que a administración realiza ao alumnado sobre o docente e a súa práctica como tal.

Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificación para o seguinte curso.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.
- Metodoloxía empregada.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso farase un seguimento dos alumnos, tomando as anotacións correspondentes sobre o seu nivel académico previo, o seu dominio das TICs e as motivacións para estudar este Ciclo formativo. Posteriormente na primeira reunión do equipo docente farase unha posta en común, na acta da citada reunión constará dita avaliación inicial.

Ademáis, ó inicio de cada unidade didáctica farase unha avaliación inicial dos coñecementos previos sobre os contidos a tratar na mesma, coa finalidade de detectar calquera dificultade e poder reforzala dende o principio.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co sinalado no Decreto 229/2011, por atención á diversidade se entende o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación

sociais e culturais de todo o alumnado (art. 3). Esta resposta educativa deberá rexirse polos principios de:

- Normalización e inclusión,
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación
- Flexibilidade e accesibilidade
- Interculturalidade e promoción da convivencia
- Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Estas medidas poden ser de carácter ordinario ou extraordinario:

As medidas ordinarias permiten adecuar o currículo sen unha alteración significativa dos obxectivos e criterios de avaliación. No caso de Formación Profesional, o carácter continuo da avaliación debe permitir a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un reforzo educativo personalizado, determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades, propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica. Ademais, empregaremos metodoloxías que promovan a atención á diversidade. Por outra banda, empregaremos actividades de ensino-aprendizaxe variadas e, de ser posible, con diferente nivel de dificultade. Utilizaranse recursos e materiais variados (gráficos, audiovisuais, Internet) para unha mellor comprensión por parte do alumnado. Inclúense actividades de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que ao final da secuencia non acaden as capacidades previstas. Do mesmo xeito inclúense actividades de ampliación, de investigación ou afondamento para aquel alumnado con maior capacidade de aprendizaxe.

As medidas extraordinarias requiren modificacións significativas do currículo ordinario ou, como na FP, cambios esenciais no ámbito organizativo. No caso en que non sexa posible garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, e as necesidades de apoio específico así o xustifican, o equipo docente poderá propoñer a través da tutoría e o departamento de Orientación a solicitude de flexibilización modular, tal como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. Esta medida implica cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral. Deberá ter a conformidade expresa do alumno/a se é maior de idade -dos seus titores legais en caso contrario- e ser presentada ante o servizo de inspección educativa antes do 31 de outubro.

No caso do alumno con dificultades específicas teremos en conta as suxestións metodolóxicas aportadas polo departamento de orientación. Co alumnado que presenta condicións de trastorno de espectro autista procuraremos evitarlles sorpresas, anticipando información sobre as actividades especiais ou os cambios de horario. Insistiremos no uso de agendas ou cadernos de organización de actividades, e nos exames, en caso de resultarlles beneficioso e de ser posible, optaremos por probas de preguntas curtas ou tipo test.

Por outra banda, nos remitiremos ás suxestións e protocolos recollidos en Educonvive (Educonvives.gal) sobre convivencia e igualdade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas, trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula, así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentárase a igualdade, a saúde, educación moral e cívica, educación para o consumidor, educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes,

comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula. En concreto, nestes temas cobrará especial relevancia:

-Educación ambiental, relacionada co bloque de contidos de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara a favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

-Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co bloque de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitarei este contido curricular para facer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, non soamente laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

-Educación para a Saúde, presente en todo o bloque de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sa e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

-Igualdade de oportunidades / Rechazo do machismo / Multiculturalidade, a igualdade no acceso ao emprego é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal adecuada, ao longo de todo o curso transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferencian de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarios para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares. A intención de programar este tipo de actividades no módulo de FOL é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como traballadores ou desempregados, etc.

A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

- Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

1. Charla-coloquio e práctica sobre técnicas de primeiros auxilios: actividade complementaria aos temas de saúde laboral. Ten por obxecto que un profesional de enfermería/ membro de Protección Civil, Cruz Vermella ou similar dea unha charla teórica/práctica sobre as distintas técnicas de primeiros auxilios (transporte de accidentados, como inmovilizar a unha persoa cunha fractura, como actuar ante unha queimadura, actuación ante un conato de afogamento por obstrución dun obxecto). O alumnado participará activamente nas actividades que propoña o experto.

2. Charlas-coloquio de expertos, sobre ETTs, Mutuas de AT e EP, Actuación da Inspección de Traballo, para dar a coñecer ao alumnado as súas funcións e proceso de actuación.

3. Simulacro de evacuación do CIFP: esta actividade é extensible a toda a comunidade educativa do instituto, coa colaboración da Dirección do centro onde se solicitará apoio a Protección Civil, Policía Municipal, Bombeiros e Centro de saúde máis próximo. O obxectivo desta actividade é deseñar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título, e posteriormente poñelo en práctica no instituto.

4. Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíamos proxectar: Lunes al sol, El diablo se viste de Prada...

- Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria.

1. Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas

unidades do módulo, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo,...

2. Feiras de Emprego e Orientación Laboral, na comunidade galega ou fóra dela, sempre que sexan organizadas polos departamentos das familias profesionais, que poidan asumir os custos.

10. Outros apartados

10.1) Comunicación da programación

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante as primeiras semanas do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Actividades previstas durante o curso escolar.

Unha copia da programación (versión alumnado) quedará exposta e a disposición do alumnado na biblioteca do centro educativo (en formato papel ou arquivo informático), coma na aula virtual do módulo.

Esta comunicación realizarase verbalmente, expoñéndoa no aula con todo o grupo. Unha vez finalizada a exposición o alumnado presente asinará a folla de rexistro facilitada polo profesor.